

## Documentación a entregar:

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (**anexo I**) a seguinte documentación:

a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar). Asinado por todos o membros da unidade familiar.

b) **Orixinal e Copia do libro de familia** ou documento equivalente, onde figuren o alumno e os demais membros computables da unidade familiar. (**Datos do ano 2018**)

**En caso de separación ou divorcio**, ademais deberán achegar a **sentenza xudicial e/ou convenio regulador** onde conste a atribución da custodia do/a menor. (Datos do ano 2018. Se a sentenza é posterior asinarán e computarán os dous proxenitores)

**Excepcionalmente**, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

1º. Certificado ou volante de convivencia.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) **Certificado do grao de discapacidade** do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia. +65% ya no se mira la renta. No hay que pedir más documentación

d) **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero** no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. (Marcan casilla e entregan documentación). O proxenitor non entra no computo de renda.

e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.**